

Porque nos gusta o noso pobo, gústanos coidar del. Gústanos pasear polas nosas rúas, paseos, peirao, praias,... Gústanos ver todo limpo, ulir a mar,...

Non nos gusta o lixo cheirando nas rúas, os papeis tirados, pisar as eces dos cans ao camiñar,...

Utilicemos as papeleiras, os colectores, as bolsas para recoller os excrementos das nosas mascotas. Coidemos o noso mobiliario urbano para querer Foz, para disfrutar del.



Depositamos os papeis e outro lixo pequeno nas papeleiras que hai nas rúas, paseos,...



Depositamos o lixo segundo o seu tipo nos diferentes colectores (orgánico, plástico e papel) en bolsas pechadas, a partir das 20h.



Recollemos os excrementos das nosas mascotas en bolsas para depositalos no colector.

Punto Limpo:

O noso punto limpo está sito na parroquia de Vilaronte. Ata el temos que levar aqueles obxectos como:

Tóxicos e perigosos: aceites minerais dos coches, baterías de automóbil, disolventes, pilas, tubos fluorescentes, pinturas e vernices,...

Voluminosos: enseres, mobles, colchóns, aparellos electrónicos, electrodomésticos, escombros inertes de obra,...

Outros: textil limpo, metais, madeira,...

Non deberemos levar: neumáticos, nin chapas de uralita.

O seu horario é o seguinte: Luns, mércores, venres e sábado: de 9h. a 13h. e de 17h. a 19h.

Punto Limpo Móbil: Recollida de obxectos especiais

O Concello de Foz dispón un servizo gratuíto de recollida a domicilio de residuos voluminosos, especiais e aparatos eléctricos e electrónicos que se efectúa:

► O **antepenúltimo xoves** de cada mes nas parroquias de: Fazouro, Nois, Cangas e Cordido.

► O **penúltimo xoves** de cada mes nas parroquias de: Vilaronte, San Martiño, Santa Cecilia e San Acisclo.

► O **último xoves** de cada mes: no casco urbano de Foz.

Debes acudir á Delegación de Medio Ambiente, sita no CENIMA, ou chamar ao teléfono 982 13 31 59, para que che tomen nota do número de enseres a recoller.

O noso pobo ten moitos atractivos que fan que o queramos e que as persoas que o visitan repitan cada ano. Pero entre todos/as debemos coidalo, para quere-lo cada día máis, sentirnos orgullosos de Foz.

Dispoñemos de mobiliario urbano que nos aporta unha maior calidade de vida: bancos, farolas, taboleiros de anuncios, duchas de praia,... Todos eles necesitan dun constante mantemento, pero tamén do coidado conxunto de todos/as nós.

O pobo é noso, e nos gusta velo limpo, pero non é unha tarefa única da Administración, é de todos/as nós.

Porque **todos/as queremos Foz, todos/as coidamos Foz.**



Usamos os bancos axeitadamente. Sen pisotealos, nin rompelos, nin pintalos.



Non nos subimos ás árbores, nin as rompemos, nin as gravamos, nin as pintamos. Non colocamos carteis nelas.



Usamos os aparatos de xogo axeitadamente. Non os pisoteamos, nin os pintamos, nin os rompemos.